

# Acta Reunión Extraordinaria Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 17 de xuño de 2014

Hora: 10:00

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Francisco Omil Prieto

Purificación Cariñena Amigo

Tomás Fernández Pena

Héctor Rodríguez Martínez

Julia González Álvarez

David Losada Carril

M. Carmen Palacios Oubiña

Puntos a tratar:

1. Plan Estratéxico 2014-2020.
2. Plan enquisas ETSE.

## **1. Plan Estratéxico 2014-2020.**

O Sr. Director explica que o equipo de dirección ten preparado unha proposta preliminar de Plan Estratéxico para os próximos 6 anos. O obxectivo de esta reunión é traballar sobre esta proposta para incorporar ou modificar os aspectos que se consideren oportunos por parte da Comisión. Despois desta reunión, e coas propostas recibidas, analizarase cales son os grupos de interese aos que lles enviaría o novo documento, para obter realimentación: estudantes, profesores, empresas do ámbito, etc. Quizais para as empresas habería que eliminar a parte de Fortalezas/Debilidades e deixar o resto. Coa realimentación recibida, nunha nova reunión da CCC aprobaríase o documento para exposición pública, e despois do prazo de exposición haberá que aprobar nunha nova reunión da CCC a redacción definitiva, e enviala á área de Calidade da USC. O seguinte paso é a aprobación en Xunta de Escola, e posteriormente en Consello de Goberno.

Os prazos estimados para este proceso serían: 10 días para a análise por parte dos grupos de interese, reunión a primeiros de xullo para xerar o documento para exposición pública, outros 10 días de exposición pública, e entorno ao 20 de xullo, aprobación en CCC e envío a área de Calidade. A aprobación de ser o caso en Xunta de Escola sería en setembro.

A continuación o Sr. Director propón revisar o documento enviado xunto coa convocatoria por apartados, discutindo cada punto segundo aparecen. Na primeira parte inclúese unha breve historia do centro, e o apartado de Misión, Visión e Valores, que foi lixeiramente actualizado.

No primeiro bloque (Dirección/Administración), destaca como debilidade a falta de informatización dos temas burocráticos. Por exemplo, o procesado das enquisas de visitas a empresas consume moito tempo para acadar unha información mínima. O prof. Omil sinala que cabería destacar como fortaleza o bo funcionamento do servizo de Asuntos Económicos. O prof. Losada sinala como debilidade no apartado de recursos humanos os servizos informáticos. Este aspecto debería moverse a Servizos nun apartado xunto coa cafetería e biblioteca, posto que non se trata de persoal da ETSE.

O prof. Fernández Pena sinala a baixa calidade na difusión de titulacións na web, aínda que é certo que isto é debido á xestión da web da USC e non falla da ETSE. En todo caso a calidade das páxinas web dos máster é mellor, e o deseño máis atractivo (non ten unha estrutura tan ríxida).

No apartado de Calidade, o Sr. Director sinala que o principal problema é a falta de recoñecemento do traballo que se fai. Tamén a descoordinación nas accións de calidade. Suxírese buscar outro termo para “descoordinación” pois non queda claro na redacción a que fai referencia. O prof. Losada propón engadir como debilidade o baixo nivel de coñecemento do SGIC por parte do profesorado.

No apartado de Seguridade e Saúde, o Sr. Director destaca como fortaleza a certificación OHSAS, e como debilidade a falta de automatización dos procesos, e a pouca implicación do persoal docente. A prof. González Álvarez pregunta se realmente hai tan pouca implicación. O Sr. Director resposta que se refire ao punto de vista docente, non á investigación. Por exemplo, na transmisión da información aos alumnos. A prof. González Álvarez indica que nas prácticas de laboratorio si se intentou, e parece un pouco esaxerado poñelo así. O Sr. Director recoñece que se pode suprimir este punto.

No apartado de Titulacións, o prof. Rodríguez Martínez sinala que os dous graos son un pouco contrapostos, e quizais non se deberían poñer xuntos. O Sr. Director indica que o plan estratéxico e de centro, non de títulos. O prof. Rodríguez Martínez indica que por exemplo, o número de alumnas é alto en GrEQ, e baixo en GrEI. O Sr. Director propón neste apartado indicar que hai un 33% de alumnas no centro, aínda que o número é moi baixo nalgunha titulación (en MTIN non hai mulleres en primeiro). O prof. Losada sinala que aínda está estendida a imaxe do informático como “programador friki”. O Sr. Director indica que habería que interactuar cos orientadores dos institutos de secundaria. A taxa de abandono no primeiro ano tamén é diferente entre titulacións, nalgunha é incluso algo menor que a indicada na memoria. No relativo ás actividades transversais, o prof. Losada suxire poñer tamén os másteres. O Sr. Director, pon como exemplo a avaliación da competencia de traballo en grupo: hai que ensinar como traballar en grupo, que o fagan, e logo avaliar como o fan. A prof. González Álvarez indica que os alumnos si traballan en grupo, pero o Sr. Director sinala que na parte de avaliación falta sistematización. O prof. Omil comenta que quizais haxa un exceso de contidos e podería deixarse algo máis de espazo para traballar as competencias. O prof. Fernández Pena sinala unha debilidade a maiores nos másteres interuniversitarios: a falta de coordinación entre administracións das universidades, en prazos de matrícula, campus virtual, actas, etc. O prof. Losada destaca a falta de recursos “transversais”: compartir campus virtuais, gravar clases, subir contidos dunha universidade aos sitios da outra.

No apartado de Prácticas e Mobilidade, o Sr. Director sinala que tivo queixas de que a información que chega aos estudantes é escasa. O prof. Omil indica que este ano nas xornadas de presentación da Aula Profesional asistiron catro persoas. O prof. Losada pide que se lle dea dinamismo ao Twitter da ETSE. O Sr. Director responde que xa se está a incluír toda a información do apartado de Novidades da web. O prof. Omil pregunta desde cando está activo. O Sr. Director informa que desde Semana Santa se están a subir noticias. A Secretaria indica que hai poucos seguidores de momento. O Sr. Director indica que se fará énfase neste aspecto na reunión de benvida cos alumnos de primeiro: toda a información de novidades, eventos, convocatorias, etc., irá á web, e se publicará en Twitter coas ligazóns respectivas á páxina web. O prof. Fernández Pena pregunta cantos seguidores teñen as contas “paralelas”: ETSE\_ enfurecida tiña 262 seguidores, e ETSE\_USC de momento ten sobre 80.

No apartado de Instalacións e Servizos o Sr. Director indica que os problemas son basicamente orzamentarios. Propón mover todo o relativo ás aulas de informática a un novo apartado. O prof. Fernández Pena pregunta se non se poñen fortalezas neste aspecto. O Sr. Director indica que noutros centros se lles pide aos alumnos que leven o seu portátil e aquí non. O prof. Losada di que esta é unha universidade pública. O Sr. Director suxire que como fortaleza pode poñerse que o número de recursos é suficiente. Como debilidade, a pouca axilidade na resposta ás incidencias. O prof. Losada engade a falta de aulas (para o máster TIN estanse a usar aulas no CITIUS). A prof. González Álvarez pregunta que pasará coas novas titulacións no relativo a espazos. O prof. Omil indica que só se necesita unha aula grande e outra pequena. O Sr. Director di que a aula I8 podería dotarse como unha verdadeira aula de informática, pois agora está infradotada, cando os recursos económicos o permitan. O prof. Losada indica que o novo máster tamén será interuniversitario (con Murcia) e precisará videoconferencia, pero será de 60 ECTS, co que serán menos horas que o MTIN.

Respecto á cafetería, o prof. Rodríguez Martínez pregunta se non se podería poñer algunha fortaleza. O Sr. Director solicita que ata o próximo venres se envíen as suxestións que se consideren sobre o documento, en canto a fortalezas e debilidades, en calquera dos apartados.

O segundo bloque do Plan Estratéxico está relacionado coas accións a seguir nos próximos seis anos. Ten 7 apartados. As liñas estratéxicas teñen uns obxectivos que se traducen en accións, pero a un nivel moi xeral.

No apartado de Infraestruturas, o Sr. Director suxire facer unha serie de enquisas para obter realimentación dos distintos colectivos.

No apartado de Oferta de Grao, no apartado 2.4.A. propónse elaborar materiais específicos para atraer máis mulleres ao grao, e quizais enviar máis mulleres nas actividades de difusión. O prof. Losada indica que aínda non se coñecen ben as capacidades dun enxeñeiro informático. Ademais, o Grao de Informática en Santiago ten pouca visibilidade, empresas tecnolóxicas non saben que existen estes estudos en Santiago. O prof. Omil indica que é un problema de difusión. O Sr. Director propón mover este tema ao capítulo de Sociedade.

No apartado de Visitas a Empresas, propónse establecer un programa que non dependa de accións individuais de algúns profesores. Respecto ás memorias das titulacións, o Sr. Director sinala que os órganos de avaliación nos miran polo que temos nas memorias. O prof. Fernández

Pena indica que os prazos son longuísimos para melloras mínimas (por exemplo, adaptar algunha materia á tecnoloxías novas). Respecto ás titulacións de posgrao, unicamente o máster en Enxeñaría Ambiental está consolidado. Os outros precisan melloras.

Respecto á Calidade, propónse incrementar a formación docente: mellorar unha parte da nosa profesión como docentes. No que atinxe ás competencias, o Sr. Director sinala que deberíamos tomar unha foto de competencia: o que os alumnos cren que estudan, o que os profesores cren que ensinan, o que as empresas ven que saben os alumnos, e o que os egresados pensan que saben. O prof. Fernández Pena indica que é moi difícil incluír a todos na foto.

O Sr. Director propón un plano global de referencia que logo se poda adaptar segundo as especificidades das titulacións.

Respecto á carga de traballo, propónse comparar a opinión de estudantes e profesores, e contrastalas co que se di na memoria dos títulos.

No apartado de Xestión Administrativa, o principal problema para a web é a falta de persoal e recursos económicos. O prof. Fernández Pena indica que debería ser a USC a que puxese o persoal para a xestión da web. O Sr. Director incide en que os estudantes deben coñecer o que se fai no centro, e non só o relativo a docencia. Suxire poñer nos taboleiros da entrada pósters de congresos ou dos grupos de investigación. O prof. Losada propón meter cuñas na prensa de vez en cando. O prof. Omil suxire buscar un nome “corto” para o centro, do tipo “Escola de Enxeñaría”, porque Escola Técnica Superior de Enxeñaría non é moi operativo. O prof. Fernández Pena sinala que na Coruña, seguen tendo “Facultade”.

No apartado de Internacionalización debe mellorarse a difusión exterior. A secretaria suxire incluír tamén a difusión no propio centro.

Para rematar este punto, o Sr. Director propón ter unha nova reunión en quince días na que se revisarán as achegas e suxestións e se aprobará o plan estratéxico.

## **2. Plan enquisas ETSE.**

O Sr. Director explica que o obxectivo deste plan é coñecer a opinión dos distintos grupos de interese e ter datos con indicadores numéricos, e non só subxectivos. Debe limitarse o número de cousas a preguntar, e non facer preguntas abertas. Buscarase unha ferramenta informática que envíe correos electrónicos coas enquisas e procese os resultados.

O plan de enquisas ten tres bloques. O primeiro bloque é para os egresados a 5 anos (a ACSUG faíno a 3 anos). Preténdese avaliar a formación en competencias, incluíndo na enquisa a egresados e empregadores. O segundo bloque está relacionado co desenvolvemento das titulacións. Por exemplo, para as visitas a empresas farase unha enquisa anual a fin de curso para incluír dunha soa vez todas as visitas feitas polo alumno. O terceiro bloque corresponde aos servizos.

O prof. Fernández Pena sinala que o difícil será conseguir que se conteste ás enquisas para ter valores estatísticos representativos. O Sr. Director responde que os resultados serán limitados, pero polo menos teremos unha foto que se poda comparar ano a ano. A prof. González Álvarez pregunta se non sería mellor facer unha enquisa longa que varias cortas ao longo do curso. O prof. Omil incide en que se é moi longa pode parecer tediosa e non contestarse. O Sr. Director propón distribuílas ben no tempo e que teñan 10 preguntas como máximo. O prof. Fernández Pena suxire que caiba nunha páxina. A Xestora indica que algunhas só se poden facer ao final de curso.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 11:40 h.